

1986

SONETOS PARA ENCHE-LO BALEIRO DA TUA AUSENCIA.

I

Ai, belida muller, ave de paso,
esgrevio corazón maduro e quente,
ti échesme de amor, é-la semente
frolíndome no peito cada ocaso.

Ai, belida ~~muller~~, melura e vaso,
brétema a me envolver, brisa nacente,
cara ti vou senlleiro, quedamente,
degrañándome en soños paso a paso.

Cara ti vou tremante de esperanza...
Ninguén me vai couta-la teimosía
de chegar xunto a ti feito arelanza.

Cara ti vou, rapaza fuxidía...
Lévoche un amencer en asexanza:
¿Recibirasme ó pé da alegría?

II

Quero te-lo teu corpo adolescente
xanguido ó meu corpo máis maduro
e senti-lo seu salaio limpo e puro
ó compás da caricia transluciente.

Quero te-lo teu sangue -lava ardente-
mesclado co meu sangue medio escuro
e amainar deste xeito o cancro duro,
inimigo feroz, ferro candente.

Quero terte, muller, en carne e óso,
a latires na miña pel tremante
o mesmo ca un xilgato saudoso.

Quero terte ó pé de min, raiolante,
a me cantares cántigas de noso
ata fletarme libre, mar adiante.

III

Non has ser miña, cerva fuxitiva,
filla do sol belida e soñadora,
razada de mencer, ave cantora,
silente manantío de auga viva.

Non has ser miña, frol de sempreviva,
estrela na escurada, grande aurora,
remol de lume aceso, mar ardora,
cobillo dunha esperanza non cativa.

Non has ser miña, raiola de luarada,
inquieto corazón, longo ronsel,
pincheira de alegría na orballada.

Non has ser miña, rosa do verxel,
sorriso xuvenil, terra labrada,
semente de trigueira e caravel.

IV

Heiche dar todo canto levo dentro
do meu peito ferido e desolado:
unha paixón senlleira, un malfado
a se esparxer decote cara o centro.

Heiche dá-los tesouros onde centro

o meu ollar de socato maceirado:
un moimento de amor, un benamado
corpo, aberto á luz dende adentro.

Heiche dar zelum desta esperanza
colleitada nos eidos da bremanza
onde canta a laberca máis belida.

Heiche dar moitas cousas outramente
cando veñas a min un claro abrente
a me trague-la infancia xa perdida.

V

Se viñeras a min, muller amiga,
cunca de mosto ou doce viño novo,
deixaría eu de ser un home-lobo
oculto nun trigueiro sen espiga.

Se viñeras a min cunha cantiga
forxada nas raigames deste pobo,
eu sería feliz zugador un trobo
rebotante de mel e seiva antiga.

Se viñeras a min polo aveseo
dunha norteira fraga de veludo,
o meu viño xa non sería acedo,

nin acedo sería o tempo rudo,
pois farías da miña vida un ledó
paradiso de amor no vento mudo.

VI

Vente ó meu relanzo, compañeira,

para axudarme a min a malvivir
procurando acadar ou conquistar
o gozo da ledicia verdadeira.

Vente axiña, muller sinxela, xeira
deste arxilo que turra por subir
a escorrentar dun saque o meu sufrir
e dáño-la esperanza máis enteira.

Vente ó meu carón, inxel rapaza,
e hase alonga-lo amor ó infinito
por un inmenso bosco de carpaza.

Vente á miña beira, che repito,
e xuntos loitaremos baza a baza
ata erguermos na vida un novo fito.

VII

Como teña somentes un latexo
neste meu corazón !tan namorado!,
hei ter paixón pra amarte de contado
e desexos de amar a canto vexo.

Como teña no peito un só folguexo,
capaz de levantarme deste estrado,
hei ter forzas pró abrente cobizado
e anceos de choutar, sempre ó asexo.

Como teña os paxaros a cantar
e o pobre sapoboi sexa meu amigo,
hei te-lo lume aceso no fogar.

Como teña arelanzas ou formigo
e sinta en min saudade do teu mar,
hei soñar cas gueivotas e contigo.